

O CAMIÑO DA ORDE DE SANTIAGO POLO CAUREL I

- A tradición oral sempre afirmou que polo Caurel cruzaba unha importante ruta xacobeá.
- Algúns autores afirman que enlazaba coa Vía da Prata e por terras de Zamora chegaba ata a parroquia de Visuña, pasaba polo Alto do Couto, a desaparecida aldea de O Lago, ó pé do Castelo do Carbedo, a aldea de Esperante, a vila de Seoane, Meiraos, Vilasibil, Miraz, Paderne, Pedrafita, o Alto da Pedra e logo por terras de Lóuzara ata xuntarse en Samos co Camiño Francés.
- O xornal *El Periódico del camino*, nun artigo publicado o día 11 de xaneiro de 2013, da boa conta desta ruta xacobeá nun artigo que non aparece asinado por ninguén, polo tanto pode que se tratase da mesa de redacción.
- Outra variante apartaría en Villafranca del Bierzo, pasando pola aldea de Cruces e chegando ata a aldea de Visuña, cun percorrido duns 25 km.



O CAMIÑO DA ORDE DE SANTIAGO POLO CAUREL II

- Esta ruta era controlada pola Orde de Santiago, diferente da Orde do Camiño de Santiago. A primeira é unha orde relixiosa e militar que xurdiu no s. XII no reino de León para protexe-los peregrinos que se dirixían cara a Compostela e frear o avance dos musulmáns na Península Ibérica. A segunda é para potenciar a figura do Apóstolo en Galicia e mailos seus camiños. Ten a súa sede en Santiago de Compostela.
- O día 12 de maio de 1339, Afonso Méndez, mestre da Orde de Santiago, outorga un poder a Afonso López de Lemos, comendador da Fonte, de Mestre, de Courel e da Barra, para recupera-las posesións usurpadas para que ***“podades demandar et sachar todallas erdades...”***



O CAMIÑO DA ORDE DE SANTIAGO POLO CAUREL III

- Non hai dúbida da influencia da Orde de Santiago nesta ruta: as igrexas e capelas amosan a Cruz de Santiago nos seus retablos, sendo a igrexa parroquial de Santa María de Meiraos a principal de todas elas pola súa maxestuosidade. Cómpre salientar a existencia dunha capela adicada ao Apóstolo no Castelo do Carbedo.
- O Castelo do Carbedo foi a primeira posesión fortificada coa que contou a Orde de Santiago en Galicia. 11 anos logo de ser fundada, recibe esta fortaleza no 1170 co seu termo, velas e igrexas, formando un coto que se convertiu máis adiante en encomenda. O Coto de Caurel e o Coto de Visuña xa figuran como posesións da Orde de Santiago nun mapa antigo de 1787.
- Os alcaldes maiores eran nomeados anualmente polo consello da Orde e tiñan baixo a súa xuridición as vilas e lugares que a Orde de Santiago posuía en Castela, León e Galicia, incluíndo as terras de Castrotorafe e todo o val de O Caurel.



O CAMIÑO DA ORDE DE SANTIAGO POLO CAUREL IV

- Na aldea de Paderne (parroquia de Meiraos) houbo un hospital que dependía do hospital de Santa Catalina de Fonfría (concello de Pedrafita do Cebreiro) e do convento do Santo Espírito de Melide.

Con data do 24 de novembro de 1588, Mendo de Rivera, veciño de Vilarce (Triacastela) e tamén administrador do hospital de Santa Catalina en Fonfría, interpuxo unha demanda xudicial contra varias persoas que posuían as casas do hospital no lugar de Paderne.



O CAMIÑO DA ORDE DE SANTIAGO POLO CAUREL V

- Con data de 14 de maio de 1593, o tribunal da Real Audiencia do Reino de Galicia ditou sentenza contra os demandados para que no prazo de 9 días entregasen e restituísen ao hospital de Santa Catalina de Fonfría o lugar do hospital de Paderne.

No Catastro de Ensenada tamén aparece o “prado do Hospital” en Paderne, un prado de secano de segunda calidade que linda polo norte con Domingo Carballo e polo Levante, Poñente e Sur atópase murado. A súa figura é un triángulo e posuía unha medida da cuarta parte dun ferrado. O ferrado de Caurel ten unha equivalencia de 436 m², polo que o prado ocuparía un solar de arredor de 100 m².



O CAMIÑO DA ORDE DE SANTIAGO POLO CAUREL VI

- A carón da igrexa parroquial de Meiraos, atopamos unha monumental casa derruída que, en tempos, foi a casa-reitoral con varias dependencias anexas. Chegou a ter unha notaría e, segundo a tradición oral, tamén houbo alí outro hospital de peregrinos e camiñantes.
- A casa-reitoral abasteceuse de auga por medio dunha canle que deixou pegada na toponimia das leiras circundantes. Así atopamos, aínda hoxe, a leira do Rego.



O CAMIÑO DA ORDE DE SANTIAGO POLO CAUREL VII

- O autor García Tato, I., na súa obra *Las encomiendas gallegas de la Orden Militar de San Juan de Jerusalén*. Estudio y edición documental. Tomo I. Época Medieval. Consello Superior de Investigacións Científicas. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela (2004), na páx. 53, da por válida a existencia deste hospital de Paderne.



O CAMIÑO DA ORDE DE SANTIAGO POLO CAUREL VIII

- O **Camiño dos Arrieiros** que importaban viño e sal principalmente, poida que tamén coincida con este.
- O Dicionario de Pascual Madoz (1845) tamén cita que o **correo** das freguesías de O Caurel (agás a de Folgoso) chegaba dende Vega do Valcarce por medio dun peón. Posiblemente ese primitivo carteiro percorrese ese camiño.

